

I PREMIO MAN A MAN

Estudas 1.º ou 2.º de Bacharelato no IES de Vilalonga?

Comparte en Instagram o teu proxecto, de maneira creativa, sobre a "Colaboración adolescentes-maiores na axuda coa súa medicación e a súa saúde".

Tes ata o mércores 30 de maio para expresar toda a túa creatividade.

Información

O concurso do programa social Man a Man, que este ano celebra a súa primeira edición, contará con premios para recoñecer os proxectos pola súa orixinalidade e a súa sensibilidade e que fagan visible o tempo compartido cos nosos maiores: avós, familiares ou coñecidos. Estes traballos non poden ter sido premiados en ningún outro concurso.

Lanzamos este recoñecemento para ofrecerlles aos participantes a oportunidade de compartir a súa iniciativa colaborativa e solidaria para axudar as persoas maiores.

Cada participante poderá presentar un máximo de 2 proxectos. Só un deles pode ser premiado.

Convoca

SERGAS e Concello de Sanxenxo

Participantes

Poderá participar calquera alumno de 1º ou 2º de Bacharelato, xa sexa que esté matriculado no IES Vilalonga ou empadroadado no Concello de Sanxenxo.

Poderán ser proxectos individuais ou por parellas.

Como presentar os proxectos

PRAZO DE INSCRICIÓN: do 22 de marzo ao 30 de maio de 2024 (ata as 23.59 horas, hora peninsular).

A inscrición realizarase a través do formulario, habilitado no seguinte enlace:
<http://enquisas.xunta.gal/index.php/667661?>

Os proxectos presentaranse en publicacións ou *reels* en Instagram, etiquetando a conta "@_man_a_man".

Requisitos para participar no concurso

1. Os proxectos susceptibles de optar ao premio terán que ser presentados entre o 1 de abril e o 30 de maio de 2024.
2. Deberás describir a actividade de colaboración ou axuda realizada e/ou prestada coa persoa maior elixida.
3. Has de presentar a idea de forma gráfica. Sé creativo!
4. Non é necesario que dispoñas de imaxes reais dos participantes, polo que podes crear deseños gráficos que apoien a descrición do proxecto realizado.
5. É esencial que etiquetes o perfil como **@_man_a_man** e engadas os *hashtags* **#merenta#**, **#manaman#**.
6. Tes que presentar unha autorización de participación, asinada polos teus titores legais, aceptando as condicións establecidas nestas bases. Esta autorización podes entregala na secretaría do centro educativo ou enviala ao seguinte correo electrónico: manamanvilalonga@gmail.com.

PREMIOS

Os premios concedidos encadraranse nas seguintes categorías:

- CATEGORÍA “AS MELLORES OBRAS”
20 vales de 50 €, para as obras que destaquen do resto, que amosen o tempo compartido coas persoas de referencias que elixisen.
- CATEGORÍA “SENSIBILIDADE E ORIXINALIDADE”
9 vales de 100 €, para proxectos que teñan especial sensibilidade e orixinalidade.
- CATEGORÍA “ PREMIO DO PÚBLICO”
1 vale de 100 €, para a publicación que máis *likes* teña.

*Os vales agasallados pódense cambiar nos establecementos socios do Centro Comercial Urbano **ENTRETENDAS** (achegaráselles unha lista de establecementos aos gañadores).

Resolución de concurso

O xurado estará composto por:

- 1 representante do SERGAS
- 1 representante do Departamento de Servizos Sociais e do Maior
- 2 representantes do centro de saúde de Baltar
- 1 representante do centro educativo

Os gañadores daranse a coñecer nun acto, no IES Vilalonga, o día 11 de xuño. Nese mesmo acto entregaranse os premios.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como desertas algunhas categorías ou de establecer un único premio, se non houberse un mínimo de 3 participantes en cada categoría.

A organización resérvase o dereito de fotografar tanto os proxectos como os participantes, así como o uso destas imaxes para a promoción do programa Man a Man.

Para máis información: manamanvilalonga@gmail.com e no perfil de Instagram @_man_a_man, tanto nas publicacións como contactando con mensaxes directas.